



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Logo da semana do 6 de xuño de 2022, na que terá lugar a terceira avaliación, o alumnado con partes sen superar (avaliacións e probas de lectura) poderá recuperalas a través de probas escritas/ exames nos que se tomarán como referentes os estándares mínimos de aprendizaxe, aqueles que requiran un grao de consecución do 100%.
- O alumnado con cualificación igual a 5 ou superior poderá mellorar esta nota **nun punto como máximo**, mediante unha proba escrita na que se avaliará e cualificará a madurez na competencia lingüística.